


atlanTTic, CIM-UVigo, CINBIO e CINTECX nas bases de datos


Un dos elementos da sinatura nas publicacións científicas é a filiación institucional. A forma da filiación condiciona a recuperación das publicacións nas bases de datos bibliográficas. Por exemplo, se unha persoa non inclúe na filiación o nome oficial da institución na que traballa, as fontes de información non van identificar que ese traballo forma parte da produción científica desa institución. Cando alguén busque as publicacións desa institución nunha base de datos, ese traballo non estará incluído nos resultados. Tampouco os seus indicadores bibliométricos (número de citas, colaboración internacional...).

En Web of Science e en Scopus, os centros de investigación da Universidade de Vigo (atlanTTic, CIM-UVigo, CINBIO e CINTECX) teñen o seu propio identificador e o seu propio perfil institucional. Isto permite identificar e analizar por separado as súas publicacións. Para que as publicacións científicas dos centros de investigación estean agrupadas no perfil correspondente, cómpre que na sinatura científica o autor ou autora identifique tanto o centro de investigación como a Universidade de Vigo. Neste boletín analizamos a presenza en Web of Science das publicacións científicas dos centros de investigación CINBIO, CIM-UVigo e atlanTTic durante o ano 2019. Non incluimos os datos de CINTECX porque este centro naceu en 2019 polo que debemos agardar a termos datos completos de 2020 para poder facer esta análise.

Gráfica 1. As publicacións dos centros de investigación da Universidade de Vigo do ano 2019 en Web of Science



Gráfica 2. Número de citas recibidas polas publicacións dos centros de investigación da Universidade de Vigo do ano 2019 segundo os datos de Web of Science



Na gráfica 1 recollemos:

- en azul, o número de artigos publicados polos membros do centro de investigación en revistas JCR en 2019, segundo os datos que constan en SUXI; son artigos que con certeza teñen algún autor ou autora dese centro de investigación e están indexados en Web of Science.
- en laranxa, o número de artigos publicados en revistas JCR que están identificados en Web of Science como publicacións do centro de investigación.

Que ocorre con todos eses artigos indexados en WOS que foron asinados por membros dos centros de investigación, pero WOS non identifica como publicacións dese centro de investigación? Que na filiación que os autores/as incluíron no momento de publicar non aparece o nome do centro. Isto impide que na base de datos se poida facer esa identificación.


Na gráfica 2 vemos a repercusión nos indicadores bibliométricos:

- en azul, o número de citas obtidas en WOS polos documentos asinados por algún membro do centro de investigación.
- en laranxa, o número de citas obtidas polos documentos que WOS ten asignados ao centro de investigación.

Este cálculo do número de citas repercute noutros indicadores, como as citas por documento, impacto normalizado, índice h... Tampouco obteremos resultados fiables cando analicemos outros aspectos coma a colaboración internacional ou a publicación en acceso aberto. Todo isto supón unha desvantaxe na comparación con outras institucións.

As publicacións de 2020

Número de publicacións dos centros de investigación de 2020 identificadas correctamente en Web of Science. Estes datos inclúen, ademais dos artigos publicados en JCR, outras publicacións indexadas en WOS (comunicacións, capítulos de libros, notas, *letters*...):



O protocolo para a normalización da sinatura científica

En 2020 a Comisión de Investigación da Universidade de Vigo aprobou un Protocolo para a normalización da sinatura científica dirixido ás persoas que traballan na Universidade de Vigo e publican traballos científicos.

Este protocolo serve como guía para construír a sinatura científica de xeito que asegure a identificación correcta da universidade e dos seus centros de investigación nas fontes de información.

As filiacións que deben aparecer nas publicacións dos centros de investigación para garantir a súa identificación son:

atlanTTic, Universidade de Vigo, ...

Centro de Investigación Mariña, Universidade de Vigo, ...

CINBIO, Universidade de Vigo, ...

CINTECX, Universidade de Vigo, ...

A continuación pódese engadir o nome do grupo de investigación, do departamento e/ou da facultade ou escola segundo o decida cada unidade. O protocolo inclúe varios exemplos.

Se precisa máis información ou quere descargar o texto do protocolo, visite a páxina da Biblioteca Universitaria: <https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca/novas/protocolo-normalizacion-sinatura-cientifica>

Todos os datos foron recuperados de SUXI e de Web of Science do 13 ao 15 de abril de 2021